

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE SETEMBRO DO 2013.

=====
==

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e corenta minutos do día vinte e tres de setembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto (con retraso), SUPLENTE: D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión a concelleira, D^a M^a Lucía Lede Fernández,

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 9 E 16 DE SETEMBRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar os borradores das actas das sesións anteriores das Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 9 e 16 de setembro do 2013, sobre a mesa para mellor estudo.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATAS 12 E 19 DE SETEMBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de

Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragalos gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.619.- A Joaquin Núñez Graña, con enderezo en Reboredo 49 - Coiro, para en Pinténs -O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 69,75 m² de soto, 69,94 de planta baixa, 70,01 de primeiro andar, 47, 44 de aproveitamento baixo cuberta, 42,20 de terrazas e 119,35 metros de cerco, de conformidade co proxecto básico, visado con data 21 de maio do 2013, condicións impostas pola Deputación Provincial en escritos de data 4 de xullo do 2013 e a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 22 de agosto do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 944,25 euros.

EXPEDIENTE Nº 24.607.- A José Manuel Varela Soto, con enderezo en Paraíso 80 - Darbo, para en Cervantes 3 - Cangas, rehabilitar unha edificación existente en 27,10 m² de planta baixa e outros tantos de primeiro andar, de conformidade co proxecto visado o 24 de abril e 18 de xuño do 2013, a que antes do inicio das obras presente o oficio de dirección da execución da obra do aparellador e a que formalice ante o Catastro inmobiliario a declaración da modificación da edificación para a que se outorga a presente licenza.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería. Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e

lixreira dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.677.- A Roi García Bernal, con enderezo a efectos de notificación en Manolo Martinez 4 - 4º D, 36210 - Vigo, para en Mendiña - Aldán, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas 11 e 12, construír unha vivenda unifamiliar de 142,45 m² de planta baixa e 74,25 de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico visado o 3 de xullo do 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA, para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 13 de setembro de 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 565,02 euros.

EXPEDIENTE Nº 24.723.- A Francisco Alfaya Boubeta, con enderezo en Félix Soage 7 - 4º- Cangas, para no referido lugar, executar reparacións interiores consistentes en substitución de revestimentos, solados de baño e cociña, instalacións eléctrica e de fontanería, carpintería interior e exterior e pintura, de conformidade co proxecto de maio do 2013.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeira dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.723 auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Soliño Costas.

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 24.711.- A Angel Prieto Correa, con enderezo en rúa Estrada 38 - 9º esq. - Vigo, para en A Graña - Pedreira - Coiro, cambiar a tella da cuberta en 103,70 m2, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.096.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.161.- A Aurora Santomé Baqueiro, con enderezo en Sebastian González Garcia 6 2º A - Pontevedra, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente a documentación presentada con data 11 de xullo do 2013.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.625.- A COMUNIADE DO EDIFICIO EL PARQUE, con enderezo na Avda. De Bueu 21 - Cangas, para no referido lugar reparar executar obras de

reparación e pintado en garaxe e piscina, de conformidade coa documentación presetada.

EXPEDIENTE N° 24.667.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BAIONA 4, con enderezo no referido lugar, para limpeza e conservación das fachadas en 499,50 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.674.- A José Manuel Curras Rúa, con enderezo en Tobal 28 - Darbo, para no referido lugar, colocar unha porta e unha fiestra en galpón existente, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.703.- A Josefa Piñeiro Broullón, con enderezo en Ramal Paraiso 9 - Darbo, para no referido lugar, construír unha pérgola de madeira en acceso a garaxe de 14,70 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.710.- A Jorge González Paredes, con enderezo en Avda. de Moaña 32 - Cangas, para no referido lugar, repoñer o material de cubrición nunha superficie de 148,97 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.713.- A Eugenio Tiebo Parceró, con enderezo en Piñeiro 28 - Aldán, para no referido lugar, reparar a cuberta en 164,75 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.717 e 1.676.- A ASOCIACION SAN VICENTE PAUL - CANGAS, con enderezo en San Xosé 68 - Cangas, para no referido lugar, acondicionar interiormente un baixo para local social de 102, 50 m², de conformidade co proxecto de xullo de 2013.

Non se poderá comenza a actividade mentres non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta

autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.718.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ALHAMBRA, con enderezo en Avda. De Xosé Maria Castroviejo 13 - Coiro, para no referido lugar, sanear a fachada medianeira en 310,00 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.720.- A Francisco Miguel Sánchez Toquero, con enderezo en Antonio Nores 28 baixo - Cangas para en terreo sito en Baixada a Francón - Aldán, demoer un cerco de 27,40 metros, realizar unha soleira de formigón de 29,50 m² e 107,00 m² de limpeza de terreo, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.722.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. de -Vigo 204 - Vigo, para na Avda. De Bueu 15 - Cangas, executar unha canalización de 4,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar - no periodo do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais. Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas. Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canaizacións sobre a calzada, debendose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas. Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Debrerase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.724.- A Antolin Ferral Díaz, con enderezo en Pedreira 63 - Coiro, para no referido lugar, reparar as fachadas en 114,88 m², de conformidade co

documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.724 auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.728.- A Maria Pilar Nores Iglesias, con enderezo en Eugenio Sequeiros 29 - Cangas, para no referido lugar, reparar unha greta en fachada, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.657.- O tramitado a instancia de Manuel Romero Docampo, con enderezo en Camiño a Lapiña 20 - Hio, para construción de barbacoa no referido lugar, foi denegado por non axustarse as determinacións urbanísticas establecidas para o respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, ordenanza de aplicación:

EXPEDIENTE Nº 24.668.- A Francisco Javier Pérez Martínez, con enderezo en Noria 4 - portal 2 - 3º G - Cangas, para en Parada Coiro, construír un tramo de cerco de 12,00 metros, de conformidade coa documentación presentada, debendo situarse, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante dende a rasante do camiño

e a que enrrase co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 16 de setembro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.681.- A Graciana Gil Fernández, con enderezo en Camiño Vello de Rodeira 20 - Coiro, para en Camiño Vello de Rodeira s/n - Coiro, construír un cerco de 93,37 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.692.- A José Rajó Martínez, con enderezo en camiño a praia 25 - Vilariño -O Hío, para en San Cibrán - Aldán, construír un cerco de 12,94 metros, de conformidade coa documentación presentada e condicionada a que o cerco se leve a cabo dende a rasante do camiño.

EXPEDIENTE Nº 24.695.- A Manuel Queimaño Piñeiro, con enderezo en Concepción Arenal 13 - Cangas, para en O Xistro 1 - Coiro, legalizar unha edificación de planta baixa anexa a vivenda existente de 53,83 m2 e un muro de contención de 4,61 m3. de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.727.- A URBANIZADORA EL ROSAL DE MOÑA S.L., con enderezo en As Barxas 20 entrechán - local- Moaña, para en Praza de Andalucía 3 - baixo - Cangas, acondicionar interiormente un local sen uso definido, de conformidade coa documentación aportada, advirtindo expresamente o interesado que non se pode levar a cabo ningunha actividade no mesmo mentras non se obteña a correspondente licenza municipal de apertura de establecemento.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1652.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR PATRICIA TIZON PEREZ.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a óptica, en Montero Rios 29 - baixo - Cangas, peticiónada por Patricia Tizón Perez, con enderezo en no referidio lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación de data 14 de agosto do.2013.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.678.- CAMBIO DE TITULARIDADE E ACTIVIDADE, DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO, PETICIONANDA POR ENCARNACION BALIÑO PIZCUETA.- A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura de establecemento sito en Pablo Iglesias 4 - Cangas, que ata a data rexentaba Maria Elga Gil Graña e se adicaba a venda e confección de roupa infantil e que a partir desta data pasa a Encarnación Baliño Pizcueta, con enderezo en Ourelo 15 - Darbo e adicarase a-venda de lans.

2.C.1) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 1.674.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONANDA POR ANA DELMA MENENDEZ CONSTANTINO.- A Xunta de Goberno Local acordou deixar sobre a mesa para mellor estudo o cambio de titularidade de apertura de establecemento sito en Méndez Núñez 5- Cangas, adicado a restaurante de 4ª categoría, que ata a data rexentaba ESE HOME C.B., e que a partir desta data pasa a Ana Delma Menéndez Constantino, con enderezo en Derribo 7 - 5º F - Cangas.

CONTRATACIÓN

3º.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, S/ ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR /COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR, PARA OS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA OS CURSOS 2013/14 E 2014/15.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía de data 11.09.13, relativo á adxudicación do servizo de Catering dos centros de educación infantil e primaria os cursos 2013/14 e 2014/15, que di:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil VILLASENÍN, S.A con CIF n.º B-A15043680, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva e abonou os gastos do anuncio de licitación.

Visto que este expediente se tramitou pola vía de urxencia debido á data de inicio do curso escolar.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicarlo presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa VILLASENÍN, S.A. con CIF n.º B-A15043680 o contrato de servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15.

Terceiro.- Dispoñer en contía de 10.164 euros, o gasto que para este Concello representa a devandita contratación na anualidade do 2013, con cargo á aplicación 324-0022799 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a VILLASENÍN, S.A a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura do mesmo.

Quinto.- Notificar aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, o resultado deste procedemento.

Sexto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contraíante do órgano de contratación.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Oitavo.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que realice para os efectos da súa ratificación.

Noveno.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar informada do Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente.

PERSONAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

4º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN.

Visto o convenio de colaboración asinado en data 30.08.13 entre a Vicepresidencia, e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de Verán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de Verán.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo achegado de copia do referido convenio ós departamentos de Subvencións e Intervención.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL **5º.- SOLICITUDE DE SINALIZACIÓNS VARIAS.**

5º.A) SOLICITUDES DE PASAXES PERMANENTES.

5º.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
MANUEL LAGOA IGLESIAS DNI: 76.833.254-y	A Rocha, nº 29-San Pedro-Darbo	Avda. de Vigo, nº 87-89.

5º.A.2) DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE ZONA DE CARGA E DESCARGA:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denega-lo seguinte pedimento, de conformidade co informe emitido pola Policía Local:

1.- IGNACIO BASTOS MOLANES (Comercial Bastos S.L.) con DNI: 36.144.040-T, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 9- baixo- CANGAS.

5º.A.3) DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE ESPELLO NO ESPIRITO SANTO:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denega-lo seguinte pedimento, de conformidade co informe emitido pola Policía Local:

1.- MARIA DEL ROCIO RODRÍGUEZ DÍAZ, con DNI: 44.727.601-F, con enderezo no Espirito Santo, nº 106- Coiro.

5º.A.4) DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE BOLARDOS NA RÚA SANTA POLA:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, denega-lo seguinte pedimento, de conformidade co informe emitido pola Policía Local:

1.- JOSÉ FRANCISCO FANDIÑO MARIÑO, con DNI: 35.291.716-X, con enderezo na rúa Santa Pola, nº 22- Darbo.

5º.B) SOLICITUDE PRESENTADA POR ISIDRO VÁZQUEZ ÁLVAREZ, ADMINISTRADOR DA SOCIEDADE LIMITADA ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L., PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN VIAIS DO CONCELLO DE CANGAS.

Examinado o escrito de data 29.08.13, presentado por Isidro Vázquez Álvarez, con D.N.I.36.062.776-H, administrador da sociedade limitada "ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L.", con enderezo na Avda. de Puxeiros, 33, local A-36416-Mos-Vigo, no que solicita autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos por zonas urbanas para a Autoescola OTTO (PO 0231), da que se está a tramitar a apertura dunha sección en Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe favorable da Concelleira Delegada de Seguridade, Tráfico, e Policía Local, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder á Autoescola "ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L.", autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos adscritos á Autoescola "OTTO" (PO 0231), polos viais do Concello de Cangas.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

6º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE VEHÍCULOS, FÓRA DE USO.

Examinado o convenio de colaboración asinado en data 18 de xullo do 2013, coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a prestación do servizo de recollida e tratamento de vehículos fóra de uso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Quedar informada do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de servizo de recollida e tratamento de vehículos fóra de uso.

SEGUNDO.- Dar traslado do referido convenio á Deputación Provincial, ó departamento de Subvencións e á Asesoría Xurídica do Concello de Cangas.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

7º.- ESCRITO DA DIRECTORA DO CONSERVATORIO E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, S/ NOMEAMENTO DE CARGOS DE PERSOAL.

Examinado o escrito presentado pola directora do Conservatorio e Escola Municipal de Música, de data 16.09.13, no que propón o nomeamento de D^a Rosario Entenza Mallo, para ocupar o cargo de Vicedirectora e a D. Josepe Andoni Conde Villar como Secretario, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar os nomeamento propostos.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

8.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A SENTENZA 181/2010 DE DATA 08/07/2010, DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 203/2007.

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 17.09.13, referente a sentenza nº 181/2010 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 203/2007, que di o seguinte:

"Vista a sentenza nº 181/2010 de data 08/07/2010 ditada polo xulgado contencioso-administrativo n.º 3 de Pontevedra pola que se resolveu o procedemento ordinario 203/2007 instruído a instancia de "PRIDESA PROYECTOS Y SERVICIOS, S. A.", sobre restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de xestión da depuración das augas residuais que no seu fallo condena a este Concello ao pago de 578.846,00 euros de principal, cantidade que deberá ser actualizada dende o 31/12/2007 ata a data do seu completo pago coa aplicación dos oportunos xuros.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o 17.12.2012 acordou recoñecer unha obriga por importe de 10.000 euros en concepto de xuros a favor de PRIDESA PROYECTOS Y SERVICIOS, S. A., en cumprimento da sentenza nº 181/2010.

Visto que o reclamante acolleuse ao Plan de Pago a Provedores creado polo Real Decreto-Leí 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e na súa virtude, en data 2.08.2013 realizouse o pago da cantidade adebedada ao contratista.

Visto que artigo 9.2 citado Real decreto lei 4/2012, establece que "o abono a favor do contratista conleva a extinción da débeda contraída pola entidade local co contratista polo principal, os xuros, as custas xudiciais e calquera outros gastos accesorios".

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Rectificar á baixa a obriga por importe de 10.000 € en concepto de xuros a favor de PRIDESA PROYECTOS Y SERVICIOS S.A., que se recoñeceron mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.12.2012, en cumprimento da sentenza n.º 181/2010 de data 8.07.2010 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 3 de Pontevedra no PO 203/2007 (ADO 2012/22835).

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente

a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a sentenza nº 181/2010 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 203/2007.

8.B) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A EXECUCIÓN DEFINITIVA 13/2011 DIMANANTE DO PA 276/2010, INSTRUÍDO A INSTANCIA DE D^a ALICIA RESILLE MARTÍNEZ (X-10/32).

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 18.09.13, referente a relativa a execución definitiva 13/2011 dimanante do PA 276/2010, instruído a instancia de D^a Alicia Resille Martínez (X-10/32), que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á EXECUCIÓN DEFINITIVA 13/2011 DIMANANTE DO PA 276/2010 INSTRUIDO A INSTANCIA DE DONA ALICIA RESILLE MARTÍNEZ (X-10/32)

Visto o Auto de data 16.09.2013 e recibido neste Concello o día 17.09.2013, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 3 de Pontevedra na Execución Definitiva 13/2011 (PA 276/2010) pola que se aproba a liquidación de xuros en contía de 1.122,08 € e require ao Concello para que abone a dita cantidade no prazo dun mes.

Visto que o Concello xa abonou a cantidade de 1.010 €, queda pendente de pago o importe de 112,08 €.

Visto que na contabilidade municipal consta recoñecida a cantidade de 104,72 € en concepto de xuros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de 7,36 € en concepto de xuros a favor de D^a Alicia Resille Martínez.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, . Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a execución definitiva 13/2011 dimanante do PA 276/2010, instruído a instancia de D^a Alicia Resille Martínez (X-10/32) .

8.C) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A EXECUCIÓN DA SENTENZA 502/2008 DICTADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4415/2003 TRAMITADO NO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA A INSTANCIA DE DONA BEGOÑA MENDUÍÑA OTERO (X-03/12).

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 18.09.13, referente a execución da Sentenza 502/2008 dictada no Procedemento Ordinario 4415/2003 tramitado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a instancia de dona Begoña Menguíña Otero (X-03/12), que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á EXECUCIÓN DA SENTENZA 502/2008 DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4415/2003 TRAMITADO NO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA A INSTANCIA DE DONA BEGOÑA MENDUÍÑA OTERO (X-03/12)

Visto o requirimento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 6.09.2013 recibido neste o Concello o día 16.09.2013 (entrada n.º 10866), polo que se nos require para que se proceda ao pagamento dos xuros devengados no Procedemento Ordinario 4415/2003 tramitado a instancia de dona Begoña Menguíña Otero en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de 959,95 € a favor de Dª Begoña Menguíña Otero en concepto de xuros devengados no Procedemento Ordinario 4415/2003 tramitado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, a execución da Sentenza 502/2008 dictada no Procedemento Ordinario 4415/2003 tramitado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a instancia de dona Begoña Menguíña Otero (X-03/12).

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS.

Examinado o convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do centro sociocomunitario de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Quedar informada do convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do centro sociocomunitario de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do referido convenio á Consellería de Traballo e Benestar, ó departamento de Subvencións e a Intervención.

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER, PARA A REALIZACIÓN DE OBRADOIROS E CURSOS PARA PERSOAS MAIORES E OUTROS COLECTIVOS NO PERÍODO 2012/2013.

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, para a realización de obradoiros e cursos para persoas maiores e outros colectivos no período 2012/2013, que é como segue:

"PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DE OBRADOIROS E CURSOS PARA PERSOAS MAIORES E OUTROS COLECTIVOS NO PERIODO 2012/2013

Dolores Gallego Santos, Concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller do Ilmo. Concello de Cangas

Propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

Dende esta Concellería vense apostando polos proxectos de educación permanente de adultos. Entendendo que esta educación dirixida ás persoas maiores, e a outros colectivos debe cumprir unha dobre función social: tanto educativa coma

recreativa. Esta dualidade tense presente ó longo de tódolos obradoiros propostos, e contan coas seguintes características :

1.- Os obradoiros a realizar son:

- Pintura 6 horas semanais.
- Corte e confección, 5 horas semanais.
- Ioga-relaxación, 9 horas semanais.
- Bolillos, 4 horas semanais.
- Informática, 10 horas semanais.
- Bailes de Salón , 6 horas semanais.
- Ximnasia, 18 horas semanais (2 monitores)
- Memoria, 5 horas semanais

2.- A duración dos obradoiros é de 8 meses (35 semanas) e comprende dende 15 de outubro do 2013 ata o 14 de xuño do 2014.

Para a realización do curso deberá contar cun mínimo de 10 persoas

3.- As persoas interesadas poderán inscribirse nun máximo de dous cursos .

4.- En base ao acordo plenario do 23 de novembro do 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos,ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello, e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1 di que o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Gobemo Local, e que asi mesmo, no seu punto 4 di que con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo. Os prezos que se establecen son:

a) 30 € por obradoiro para as persoas maiores.

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:

- * Estar empadroados en Cangas.
- * Ter máis de 55 anos e acreditar ser pensionista ou carecer de rentas ou que estas sexan inferiores o salario minimo interprofesional.

b) 40 € obradoiro de Ximnasia para o colectivo de mulleres pertencentes a asociacións de mulleres ou a colectivos de persoas en risco de exclusión social e inscritas no rexistro municipal de asociacións.

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:

- * Estar empadroados en Cangas.
- * Pertencer a unha asociación de mulleres ou un colectivo de persoas en risco de exclusión social, inscrita no rexistro Municipal de asociacións.

5.- As persoas maiores solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida en base a cumprir unha serie de requisitos. O criterio a ter en conta será a situación económica do solicitante e o seu conxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requirida e no prazo establecido. Dita documentación servirá de base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta tódolos ingresos do solicitante e conxuxe ou parella, que comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu rexime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

A renda per cápita mensual determinará a bonificación e a taxa a pagar, segundo o seguinte cadro:

Ingresos en relación ao IPREM (532,51 €)	Bonificación	Copago	Taxa final
Maior do 2,5 do IPREM (1331,275€)	0%	100 %	30 €
Entre o 2 e o 2,5 do IPREM (De 1065,02€ ata 1331,274))	30%	70%	21€
Entre o 1,50 e o 2 do IPREM (De 798,76 € ata 1065,01)	50%	50%	15 €
Entre o 0,80 e o 1,5 do IPREM (DE 426,00 € a 798,75))	70% 66%	30% 33%	9 € 10€
Menor do 0,80 do IPREM (426 €)	100%	0%	0 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.